




Un día en
MELIDE
dura máis de 24 horas

festa do
melindre

A festa
máis doce
de Galicia



MELIDE

Por Melide discorren dous dos Camiños a Santiago máis importantes: o Primitivo, a ruta máis antiga, e o Francés, o máis famoso. A vila leva séculos acollendo a peregrinos e, se cadra, é por isto que ofrece o mellor de si mesma a todos os que queiran visitala. No cerne de Galicia poderás disfrutar da hospitalidade e bo facer deste pobo.

- 1 » Leboreiro e Igrexa de Santa María
- 2 Ponte de San Xoán de Furelos
- 3 Capela de San Roque e Cruceiro
- 4 Igrexa de Sancti Spiritus
- 5 Obra Pía de San Antón
- 6 Museo Terra de Melide
- 7 Igrexa de Santa María de Melide
- 8 Área Recreativa de Furelos
- 9 Capela do Carme

MAÑÁ



TARDE



Un paseo pola natureza:

Unha boa forma de comezar o día por Melide é cun bo paseo, e se este é polo Camiño Francés ou Primitivo aínda ben mellor!



1

Comezamos no **Leboreiro**, onde nos recibe a súa fermosa igrexa gótica, o antigo hospital medieval de peregrinos e o chamativo cabazo para gardar o millo que aínda está en uso.



2

Furelos, unha das aldeas máis enxebres da ruta que mantén a súa estrutura medieval. Salientan a igrexa, que conserva parte da súa arquitectura románica, e a ponte vella medieval.


No interior achamos unha imaxe neogótica de Cristo na cruz, parcialmente descravado, dunha grande expresividade dramática.



Chegamos a **Melide**, unha das vilas máis interesantes do Camiño cunha excelente oferta gastronómica e de ocio. De visita inescusábel é a capela de San Roque, coa súa portada medieval. Ao seu carón un cruceiro gótico, segundo Castelao o máis antigo de Galicia.



3



4

Na praza do Convento, no centro da vila, atopamos varios edificios monumentais:



A **igrexa de Sancti Spiritus** cun impresionante retablo barroco no seu interior, obra do escultor Francisco de Castro Canseco.

A **Obra Pía de San Antón**, pazo barroco que tivo unha finalidade docente na súa orixe, hoxe casa do concello.

O **Museo da Terra de Melide**, un dos grandes museos etnográficos de Galicia e único no Camiño Francés ao seu paso pola comunidade.



5

6

Para repor forzas é imprescindible facer un alto no paseo e desfrutar da **gastronomía melidá**.

O **polbo** é o rei das cociñas, de gran tradición, preparado con mestría secular polos polbeiros/as.



Sobremesa típica: melindres, amendoados e ricos

Logo de degustar un bo polbo e produtos típicos da terra de Melide, e coma a ninguén lle amarga un doce, temos tres para elixir!: melindres, amendoados e ricos, elaborados a diario coas mellores materias primas.



Chegados a este punto podemos tomar un merecido descanso na **praia fluvial de Furelos** e logo continuar o paseo até a **igrexa de Santa María**, a xoia do románico melidao, declarada Monumento Nacional, con pinturas renacentista e altar románico, pasando antes polo Castelo, coa súa **igrexa do Carme**, de estilo neoclásico.

8



9



7



E se aínda temos folgos, podemos rematar o percorrido en **Vitiriz**, cunha das igrexas góticas máis interesantes da comarca.



NOITE

Cos folgos renovados, toca gozar da **noite melidá**!



Relax e o mellor ambiente nocturno:

A **zona de viños**, situada na zona histórica, abre a primeira hora para comezar a festa que podemos continuar nos pubs e discotecas da zona nova.



Natureza, patrimonio, gastronomía, ocio, lecer...serás quen de ficar un só día en Melide?

